

**Actas da I Xornada sobre
a figura de D. Juan Antonio Posse,
o crego liberal, con motivo do
240 aniversario do seu nacemento**

Dn Juan Antonio Posse

Edición preparada por X. M^a Lema Suárez

A figura de D. Juan Antonio Posse Varela é dabondo coñecida entre os estudosos do liberalismo galego e español, especialmente a raíz de que en 1984 o hispanista estadounidense Richard Herr (catedrático emérito da Universidade de Berkeley, California, EE.UU.) publicara as Memorias que este sacerdote escribira contra 1834.

Nestas memorias Posse dinos que nacera na parroquia de Soesto (Laxe) o 26 de decembro de 1766. Ós 12 anos sería levado por seu pai a León para facer estudos eclesiásticos cun tío seu, tamén cura, e alí quedaría para exercer o seu ministerio. Foi párroco de Llánaves –no norte leonés–, en Lodares –zona central– e en San Andrés del Rabanedo, parroquia cercana á cidade de León. Foi un dos escasos curas liberais da época que lle tocou vivir, e pola súa gran curiosidade, conseguiu licencia para ler libros prohibidos pola Inquisición, e para iso aprendeu pola súa conta francés e italiano. Na convulsa época da Guerra da Independencia española foi perseguido polos franceses, e acolleu entusiasticamente a Constitución de 1812 e mesmo se atreveu a defendela publicamente ante os seus fregueses de Rabanedo (León); o grupo liberal da Coruña publicaría posteriormente este seu *sermón* constitucionalista.

Posteriormente sería perseguido polos absolutistas de Fernando VII e mesmo sufriría prisión.

Nada se sabía da súa vida despois de 1834 ata que en 1997 os actuais moradores da Casa de Mariana de Soesto –a súa natal, pois aínda conserva o nome da súa nai– atoparon unha nova publicación súa ata entón descoñecida: o impreso *Plática Tercera*, do ano 1838, un comentario crítico á Constitución de 1837.

A figura deste sacerdote seguiu interesando moito, e recentemente acaba de ser publicada en Madrid, e tamén a cargo do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) a obra *Vida de sabios. El nacimiento de la autobiografía moderna en España (1733-1848)*, resultado da tese de doutoramento do profesor de Literatura Española da Universidade de Cádiz, Fernando Durán López, que trata das autobiografías de persoeiros españois dos séculos XVIII e XIX (Jovellanos, Feijoo, Sarmiento, Mor de Fuentes, S. de Miñano, López Cepero, Viera y Clavijo etc.)

Entre estas figuras non podía faltar a do cura Posse, que acabou constituíndo para o investigador a figura máis sobranceira de todas desde o punto de vista da autobiografía moderna.

O 26 de decembro de 2006 cumpriuse, polo tanto, o 240 aniversario do seu nacemento. O obxectivo do Seminario de Estudos Comarcais da Costa da Morte é de celebrar unhas xornadas que axuden a lembrar a figura deste persoeiro que día a día vai sendo máis coñecido e recoñecido.

Xosé María Lema Suárez: “Breve introducción á vida e obra de don Juan Antonio Posse (1766-1854)”; pp. 11-25.

Sabemos que D. Juan Antonio Posse mantiña unha estreita relación co importantísimo grupo liberal da Coruña (lémbrese que o apoio deste grupo ó levantamento de Rafael del Riego en Cabezas de San Juan sería decisivo para o triunfo do pronunciamento que daría lugar ó Trienio Liberal). Este grupo debeu ser quen lle reimprimira en 1813 o seu *Discurso sobre la Constitución [de 1812] que dixo don Juan Antonio Posse* (R. Herr indica que fora reimpresso ás expensas dos

redactores de *El Ciudadano por la Constitución*, A Coruña, Oficina de don Antonio Rodríguez).

Precisamente, no primeiro ano do Trienio Liberal, en 1820, o inqueda crego, desencantado dos novos gobernantes, -“que eran unos pasteleros que no pensaban sino en sus colocaciones y en las de sus amigos” (apud Herr; 1984:249)-, centra a súa última esperanza no grupo liberal da Coruña, e a esta cidade envía a tan citada misiva na que por unha banda propón a independencia de Galicia e, pola outra, unha confederación cos outros españois.

Sen dúbida foi unha arroutada irreflexiva, pois non se pode dicir que Posse tivese un sentimento nacionalista galego (R. Herr apuntaba que “[Posse] termina –por estas razones- convertido, curiosamente, en un protonacionalista galego”).

¿Quen constituía este grupo liberal coruñés? A primeira das conferencias desta Xornada tratará de aclararnos isto e moitas cousas máis:

Ana M^a Romero Masiá: “A Coruña, referente do liberalismo galego”; pp. 29-50.

No ano 1819, durante a súa longa estadía de cinco meses na súa parroquia natal, Juan Antonio Posse relacionouse moito cun persoeiro apelidade Doménech, a quen o cura denominaba con confianza “mi domenech” (apud Herr; 1984: 229). Tratábase, sen dúbida de Joaquín Doménech, membro dunha familia de fomentadores cataláns da pesca xa presentes na vila de Laxe desde 1766 (Lema Suárez; 1993-III: 673). Nos libros parroquiais de Laxe aparecen Juan e Cristóbal Doménech en 1812 como mordomos de confrarías relixiosas, e Don Joaquín M^a Doménech sería o primeiro alcalde constitucional do concello en 1836.

A fonda amizade que Posse parecía ter con Joaquín Doménech non lle impide facer unha certa análise crítica da situación dos mariñeiros de Laxe (“que se deshicieron de los aparejos, de los que se enseñorearon los catalanes, quedando a merced de éstos) en comparanza coa dos de Corme (“...más aplicados que los de Laje, porque no son impedidos por las trabas del Monopolio; han conservado la propiedad de sus redes y lanchas para pescar a su arbitrio” [apud Herr; 1984: 229]). Esta análise coincide basicamente coa efectuada polos historiadores galegos da Idade Contemporánea de Galicia, pero convén non esquecer que a análise de Posse é contemporánea ós feitos.

O seguinte intervinte é descendente directo destes fomentadores cataláns de Laxe, e vains informar cumpridamente da historia desta familia burguesa asentada nesta vila desde mediados do séc. XVIII:

Xosé María Méndez Doménech: “Os inicios da burguesía industrial en Laxe: a familia Doménech”; pp. 53-83.

Lemos nas Memorias de Don Juan Antonio Posse:

“Todo esto me tenía tan irritado que, en mis desahogos solía decir: Que los más malos de los hombres eran los inquisidores; después, los frailes; después, los clérigos; y los últimos los militares” (apud Herr; 1984: 185).

Un crego radicalmente anticlerical. Polo menos en aparencia. Todo un contrasentido. Non obstante, no seu documento posterior (*A Plática Tercera*, 1838), defende con uñas e dentes a participación nas Cortes do clero secular e tamén apoia, de maneira case fundamentalista, a inclusión da relixión na Constitución, arremetendo contra ateos, deístas e materialistas.

¿Como era o clero da época? Diso vai falarnos o seguinte conferenciante:

Pegerto Saavedra Fernández: “O clero en Galicia nos tempos de don Juan Antonio Posse”; pp. 87-108.

No verán de 1790, cando J. A. Posse tiña 24 anos e era aínda estudante en León e Valladolid, realiza a primeira visita a Galicia desde que saíra dela en 1779 acompañando a seu pai. Tras once anos de ausencia este mozo convertiríase aquel verán no ídolo xuvenil da súa parroquia, sendo unha das causas o uso constante que facía do idioma castelán:

“Yo hablaba castellano, y esto era más que suficiente para primar en una tierra en que todos deseaban saberle, aunque a mí me pareciese incomparable la dulzura y flexibilidad de la lengua gallega, sobre todo en boca de las mujeres” (apud Herr; 1984: 34).

En cambio, cando doce anos antes seu pai o levara a Las Muñecas (León), só falaba en galego cos leoneses, que, por certo, non tiñan ningún prexuízo negativo contra o galego (“mi lenguaje diferente al suyo les agradaba”), ó contrario do seu tío, o párroco de Las Muñecas, que se avergonzaba “de la jergonza de su país, o porque no creyesen que me traía hambriento en su casa” (apud Herr; 1984: 21).

Do idioma galego da época do noso cura fálanos o seguinte conferenciante:

Ramón Mariño Paz: “O idioma galego na época e na vida de don Juan Antonio Posse”; pp. 111-146.

Dous anos despois da publicación de *Un novo documento de don Juan Antonio Posse: a Plática Tercera (1838)*, recibiamos con data do 26 de decembro de 2000 (xa é casualidade: 234 anos exactos do nacemento de Posse) unha carta desde Cádiz dun investigador da Universidade desta cidade que confesaba o seu grande interese polo cura galego:

“es uno de los autores que con más extensión y detalle trato en mi tesis doctoral sobre la autobiografía de ese mismo período. Allí le dedico un buen número de páginas, porque sin duda es uno de los mejores escritores del momento en ese género y es una verdadera lástima lo poco que sabemos de él y lo desconocido que sigue su nombre en las letras españolas. (...) Por eso me ha alegrado encontrar en su libro un buen número de referencias bibliográficas recientes sobre Posse en periódicos y revistas gallegas,

que ignoraba por completo y que me serán útiles. Espero que en adelante podrá usted tener en cuenta que también en el extremo sur de la península hay quien se interesa por su ilustre paisano”.

Quen escribía esta carta non era outro que o seguinte conferenciante, Fernando Durán López, gaditano de nai galega (da mariñeira Bueu). Naturalmente que tivemos moi en conta a este estudoso de Posse da ‘fisterra’ sur peninsular, e el tamén nos tivo a nós, pois en canto publicou a súa tese de doutoramento, tivo a delicadeza de enviarnos un exemplar: un groso e ameno volume de 514 páxinas do que fixemos unha sucinta acoutación na revista *A Trabe de Ouro*, que tantos traballos acolleu do noso crego.

O que Durán adiantaba na súa carta de finais de 2000 da valía de Posse como escritor vese confirmado no resultado final da súa investigación, pois nas páxinas de *Vidas de sabios* (2005) podemos ler parágrafos coma estes:

“[Posse] es uno de esos escritores anónimos postergados por una coyuntura histórica, un modo de vida y una suerte personal que han contribuído a oscurecerle (...), pero en sus líneas brilla una mente lúcida y vigorosa (...). Sin duda, España ha perdido en él un gran escritor que apenas nos ha dejado algunos retazos de un talento que nunca pudo dejar salir. Todo esto le convierte en una figura peculiar del primer liberalismo español, que necesitaría un estudio más detallado” (Durán; 2005: 246-247).

Por fin podemos contar en Galicia coa presenza da persoa que con maior profundidade estudou a figura de Juan Antonio Posse, particularmente desde o punto de vista literario.

Fernando Durán López: “Juan Antonio Posse o la revolución de la subjetividad: hechos e interpretaciones en torno a un cura de aldea”; pp. 149-170.

EPÍLOGO

Poucos días despois da celebración da Xornada do 21 de abril de 2007 en Laxe, Roberto Mouzo Lavandeira, membro da directiva do Seminario de Estudos Comarcais, localizou na Rede a existencia, na Subdirección General de los Archivos Estatales (Madrid), dun documento que facía mención a un preito ou proceso xudicial seguido contra o cura Posse no ano 1827, xustamente hai 180 anos. O seu título: *Pleito de Fernando Ortiz de la Tabla contra Juan Antonio Pose [sic], de San Andrés de Rabanedo. Chancelería de Valladolid 1827.*

Con data do 14 de maio remitimos unha carta á Subdirección General de los Archivos Estatales (Madrid), onde se gardaba o orixinal deste documento, para que se nos facilitase unha copia. Despois dos inevitables trámites burocráticos remitíusenos o documento fotocopiado e, en base a el, realizamos unha transcripción de urxencia para publicala como primicia xunto con estas Actas.

“Un novo dato biográfico de don Juan Antonio Posse: o seu proceso e encarceramento de 1827”; pp. 175-182.

“Pleito de Fernando Ortiz de la Tabla contra Juan Antonio Posse, de San Andrés de Rabanedo”; pp. 183-199.

Índice

Limiar: xustificación da celebración en Laxe da I Xornada sobre J.A. Posse	9
Xosé M^a Lema Suárez: Breve resumo da vida e obra de Don Juan Antonio Posse Varela (1766-1854)	11
Ana María Romero Masiá: A Coruña, referente do liberalismo galego	29
Xosé M^a Méndez Doménech: Os inicios da burguesía industrial en Laxe: a familia Doménech	53
Pegerto Saavedra Fernández: O clero en Galicia nos tempos de don Juan Antonio Posse	87
Ramón Mariño Paz: O idioma galego na vida e na época de Don Juan Antonio Posse	111
Fernando Durán López: Don Juan Antonio Posse o la revolución de la subjetividad: hechos e interpretaciones en torno a un cura de aldea	149
Acto complementario á Xornada: visita a Soesto e descubrimento dunha placa conmemorativa na casa natal de Juan Antonio Posse ..	171
EPÍLOGO	
Un novo dato biográfico de don Juan Antonio Posse: o seu proceso e encarceramento de 1827. Comentario do editor	175
O novo documento: <i>Pleito de Fernando Ortiz de la Tabla contra Juan Antonio Pose, de San Andrés de Rabanedo (Real Chancillería de Valladolid, 1827)</i>	183